

O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE GALIZA

[Artigo publicado no número 3 de *Vieiros*. Padroado da Cultura Galega. México, 1965]

En senso figurado, tamén dos séculos poderíamos dicir que teñen a súa media laranxa. Aquela metade, dourada e devalante, na que renden a mellor colleita cultural. Polo que toca a Galiza, a imaxe podería axeitarse ao ciclo que a nosa xeración anda a percorrer no XX, e no XIX lle cadrou aos Precursores.

Eis dúas épocas que se prestan ao contraste. As dúas de poente cronolóxico, mais de ben distinta estrela. Sen semellanzas entre si, nin de feitío nin de contido.

Poden facer amos en canto a ser tempo de transición mais cada cal baixo do seu propio sino. Onte da renacenza, hoxe da innovación. Cada un alumeado por diferente luz. Cada un portando a súa dispar mensaxe para o home e para a vida.

O ÍNDICE DA SENSIBILIDADE SOCIAL

Dunha época a outra moitas cousas mudaron. Estructuras e valores, formas e principios. Endebén, o que mudou máis foi o índice de sensibilidade social. Unha nova conciencia das liberdades e as servidumes dos pobos opera no mundo de hoxe.

Nunca a responsabilidade dos dominantes se sentira como agora comprometida na sorte dos oprimidos. Nin o levantamento do nivel económico das rexións recuadas tomara categoría de credo universal.

Pode non ser un movemento enteiramente novo na esfera das ideoloxías, mais si na dispoñibilidade e aprontamento de medios e na velocidade de transformación. Entre os anxeios e os fins, os soños e a realidade, nunca tanto como arestora se acurtaran as distancias.

Coido que unha virada histórica de semellante calado ha de se deixar sentir no leme da nosa nave. Penso que é razón dabondo para que nós teñamos tamén que pór en foco algún esquema de ideas válido para entender e servir a Galiza na mensura e co folgo que imponen as novas circunstancias, para colocala de cheo na órbita do porvir.

Galiza trae ás costas un drama antigo. Do tempo dos Precursores ao noso tempo, o transfundo de pobreza subsistencial non puido ser abalado. Quedou adormecido dende o século XV na sociedade tradicional das vilas e das aldeas, onde moran aínda malamente tres cuartos do censo de poboación.

Eu ben sei que non fago descuberta ningunha, se digo que o ser ou non ser futuro do noso país está precondicionado ao grao de desenvolvemento económico que poida conquistar. E, por enriba de todo, ao ritmo con que se removan as causas de estancamento rural. Se o pulo cara a unha máis outa rasante de prosperidade para o sector maioritario se non toma axiña, ou se esmorece despois da arrancada, correremos o risco de non chegar, que a tanto val a chegada a destempo. Cando aquela formación natural de que nós vimos, aquel molde sagro no que o pobo se forxou, o complexo orixinario da terra e dos homes galegos... se teñan trocado en morea de refugallo etnográfico.

O crecemento do capitalismo industrial galopa agora a cabalo da innovación técnica. Pola natureza deste macrofenómeno social, multiplicadora e fo-

calizadora, mal poderían coexistir á súa beira os enclaves masivos das economías primitivas. A forza de indución que espalla, máis cedo ou máis tarde, de preto ou de lonxe, tiña que reflectirse no *status* tradicional da nosa Terra. Para ben ou para mal, positiva ou negativamente, construíndo ou desmanchando, os espellos da fartura allea poden esgotar logo a capacidade de consolo coa estreiteza recibida en herdo. E xa non se trata de a facer menos magoadora, nin de dar á “terra asoballada” unha oportunidade para o desquite.

Agora os termos da cuestión son máis irtos. Nin marxe hai para seguir arrastrando caladamente, como decote, a cadea dun destino socialmente malfadado.

A NOVA DESBANDADA

No fondo apegadizo da pobreza subsistencial está varado o progreso económico da nosa Terra. Ou labramos sobre bases novas a reconstitución do sector agrario, ao tempo de conquistar un índice moito maior de industrialización, ou Galiza terá de soportar unha peor desventura. A máis dolorosa de todas, pois val tanto como que as nosas reservas

humanas acaben de ser engulidas pola industrialización allea.

Estamos a falar dun mal presente, non dunha pauliña que aínda non poida caer. Endexamais a sangría solta da emigración deitou fóra tanta xente de traballo como nos anos derradeiros. Compre pór en xuízo este movemento social, que avivece o máis mortificante pesadelo sufrido pola sociedade galega.

É moi de ter en conta que se rexistre na hora das grandes promesas. Cando o goberno apadriña un Plan de Desenvolvemento económico, e localiza dous polos de crecemento industrial, un no Norte e outro no Sul da Galiza.

Tamén é certo que tal duplicación presupón coñecemento da intensidade do problema, e propósito de atallalo. Ao menos no que compre ao desfase entre o volume de man de obra e o nivel de emprego efectivo; mais a resposta da masa, o descreimemento nos remedios anunciados, resulta aínda de maior expresividade.

Mentres os órganos do Plan fan gabanza a eito das vantaxes que promete —pleno emprego, incremento da renda per cápita, modernización dos equipos, promoción social, escolas e camiños...—, as aldeas de Galiza volven as costas. Como se ledos

cantos de sereas encheran os rústicos ouvidos. De novo tratan de atopar consolo para as súas angurias polo aliviadoiro da emigración. Cada día máis casas fican valeiras e máis terras en restreba. Nin as casas nin as leiras voltarán recibir a querenza dos que fuxiron, gañados para sempre por menos duras e máis actuais formas de vida e de laboura.

REVINCULAMENTO DAS FORZAS PRODUTIVAS

O desenvolvemento económico dunha rexión secularmente deprimida non é obra para un día. Supón moito máis do que se adoita inserir nas cuadrículas dun plan. É un proceso en continuidade orgánica de abaixo a riba. Como primeiro obxectivo deberá aguilloar o pasamento da contracción á expansión. Ou dito con outra verba, da estagnación secular á dinámica do mercado.

Preparatoria e todo, a fase reclama un clima ao seu xeito. Soamente poderá proporcionalo unha política de revinculamento das forzas produtivas propias ás necesidades propias. Sobra engadir que no feixe das forzas produtivas hanse de atar dende o home á natureza, dende o capital á enerxía. Entrementres a economía do país non reteña ou non ex-

plote pola súa man as riquezas motoras, especialmente as que manan do seu seo, terá de seguir sendo pobre. E a órbita do proceso de desenvolvemento non será atinguida.

Tal é o cativo sino que aínda goberna as estruturas da produción en Galiza. Unhas estruturas que até agora viñeron provocando a expulsión continua dos factores clave: o home, o capital, as primeiras materias, a enerxía eléctrica... Só na reversión urxente deste proceso poderíamos poñer as nosas esperanzas de integración económica e verdadeira posta en valor do país.

O PARADOXO DO AFORRO

O círculo vicioso que provoca aqueles derramamentos é duro de roer. De primeiras só se amos tra vulnerábel o segmento do capital. Mais é unha servidume típica das rexións atrasadas a de empe tar os seus cartiños para que outros os gobernen.

A reducida propensión ao gasto, cando non ao autoconsumo, xera decote unha tapa medradeira de acumulación do aforro privado. No caso noso, ao caudal de poupanza interna xúntase o aforro en reversión dos emigrados. A suma de ambos fluxos,

no ano 1964, debeu acusar sobre o de 1963, un acrecentamento de 8.000 millóns de pesetas nos pasivos dos bancos e das caixas.

Mais na organización vixente das canles que tal diñeiro percorre, Galiza non manda. Os particulares e as empresas imponentes dos depósitos, dixerase que son aforradores por conta allea. Entre as cotas de investimento en valores con prioridade legal, que obrigan ás caixas de aforro, e a drenaxe a eito das sucursais bancarias dependentes de Bilbao ou de Madrid, a favor da inversión extrarrexional, o país perde a capacidade de ter medios propios de financiamento. E perde tamén a facultade de dirixir o emprego do capital que xera. Deste xeito soporta as penurias da descapitalización crecente, causa nodal do baixo índice de industrialización, do alto índice de migración, do débil pulso económico rexional...

Sería dabondo que un terzo da taxa de crecemento dos saldos se aplicara cada ano ao investimento *in situ*. Só por este camiño o desenvolvemento económico de Galiza podería ser ao cabo do tempo unha partida gañada e non unha nova frustración.